



Memoria de actividades ano 2021 a 2022

Durante estes anos de pandemia a Asociación cultural e musical Solfa tivo que paralizar a actividade polo Covid. Retomamos as clases de pandeireta e coral no mes de maio de 2022. A partir desa data, participamos, por iniciativa de *Galiza Cultura*, na homenaxe que se lle fixo a Manuel Lourenzo no Salón Teatro a 14 de xuño de 2022.

Manuel Lourenzo é unha das figuras máis importantes do teatro galego, nas súas facetas de autor, director, actor, produtor, editor, docente, conferenciante, tradutor e dinamizador de iniciativas teatrais. Manuel Lourenzo foi fundador de diferentes grupos ou compañías de teatro, tales como o Grupo Teatro Circo, A Compañía Teatral Luís Seoane o Club de Teatro Elsinor e cofundador do Grupo de Teatro O Facho e a Escola Dramática Galega. Autor prolífico con máis de 150 obras dramáticas, moitas delas estreadas e publicadas. Tamén participou como intérprete en numerosos audiovisuais, series de televisión e filmes.

Manuel Lourenzo ten recibido numerosos galardóns polo seu inmenso labor como escritor e director teatral. Nesta homenaxe presentouse a súa obra completa, recompilada en sete tomos, e recentemente publicada pola Federación Galiza Cultura.

A nosa coral participou no acto

[IX Convivio da Cultura Galega na carballeira de Santa Isabel](#)



Un ano máis a directiva da Asociación participou no “IX Convivio da cultura Galega” en Outeiro de Rei. Alí as diferentes asociacións culturais explicaron os condicionantes que pesaron na organización de actividades culturais e destacou a necesidade de colaboración e intercambio para ampliar a área de influencia e gañar en efectividade.

Exposición Laxeiro en América



O **martes 8 de novembro** ás 17:45h. no Edificio do Museo na Cidade da Cultura, comezou a visita guiada á exposición **LAXEIRO EN AMÉRICA** que organizou a Agrupación Cultural O Galo e a Asociación Cultural e Musical Solfa.


Nesta mostra ollamos a obra do pintor de Lalín baixo as explicacións de Xavier Pérez Buján, director da **Fundación Laxeiro** e experto coñecedor da súa obra,.

Galiza



O **martes 15 de novembro** ás **18.30h** no Museo do Pobo Galego presentouse o caderno **Símbolos Nacionais de Galiza**. Intervíñeron os seus autores: **Manuel Ferreiro**, catedrático da UdC, especialista da obra de Eduardo Pondal, e investigador do noso himno e mais **Xoán Costa Casas**, profesor, presidente do Consello de Administración de Sermos Galiza e investigador da nosa bandeira. Ao final da presentación a **coral Solfa** interpretou o “Himno galego” respectando a letra orixinal do texto poético de Eduardo Pondal Abente e o tempo musical indicado polo compositor Pascual Veiga.

Visita guiada ao Panteón Real



O martes 29 de novembro, **Vía Galega**, en colaboración coa **Asociación cultural e musical Solfa** e coa **Agrupación cultural o Galo**, organizamos dúas visitas ao **Panteón Real** guiadas polo profesor e historiador Francisco Rodríguez Sánchez. Neste lugar no interior da Catedral de Santiago están soterrados reis e personalidades do **Reino de Galiza**. Esta visita espertou grande expectación e deunos a oportunidade de coñecer algo máis da nosa historia. Con grande amenidade e erudición, o guía foi informando sobre a biografía dos alí soterrados, a finalidade da propia obra e a súa evolución ao longo do tempo.